

Pontevedra, 23 de setembro de 2005.

OS FACULTATIVOS E O FUTURO DO CHOP

Ainda que somos conscientes de que os problemas existentes nos nosos hospitais son moito máis numerosos, os facultativos do CHOP consideramos que os puntos recollidos neste escrito son esenciais para que na Área Sanitaria de Pontevedra Norte exista unha Atención Especializada de Calidade e que, para ser abordados con éxito, deben contar co apoio decidido da Consellería de Sanidade e do SERGAS.

Por este motivo, reunidos en asembleas, nos hospitais Montecelo e Provincial, aprobamos estes puntos para que sexan presentados á nova dirección do SERGAS, na xuntanza que ésta terá con membros da Coordinadora de Facultativos do CHOP no presente mes de setembro.

1.- O construción dun gran Hospital Único de Agudos na Área Sanitaria de Pontevedra Norte, é a principal reivindicación estratéxica dos facultativos do CHOP.

- O novo CHOP, deberá contar cunha única estrutura de hospitalización de agudos, que inclua os servizos de atención materno-infantil, rematando coas evidentes disfuncionalidades que orixina a actual división deste tipo de atención en dous hospitais.
- É imprescindible saber a onde imos, cal é o obxectivo estratéxico, as características que terán estruturas de Atención Especializada na nosa área a medio e longo prazo, e eso esixe planificación e sobre todo compromiso político por parte da administración.
- O SERGAS e a Consellería de Sanidade deben comprometeres claramente con ese obxectivo, superando o confusinismo ou as indefinicións de etapas anteriores.
- O novo Hospital Único debe contar con novas especialidades hoxe non existentes ou pouco desenvolvidas: neurocirurxía, cirurxía torácica, radioterapia, etc.
- O novo Hospital Único debe contar cuns accesos adecuados, non só desde a cidade de Pontevedra, senón tamén desde a actual autopista, ou as novas vías de comunicación que se podan construír no futuro. Os actuais accesos ao Hospital Montecelo son o contraexemplo dos bos accesos con que debe contar o novo Hospital Único.
- A ubicación do novo Hospital Único debe ser decidido con rapidez e as obras comezar de contado e finalizar o antes posible. As recentes declaracións da Conselleira nas que asegurou que se vai construír un novo grande hospital en Vigo, para substituír ao “Pirulí”, e que as obras comezarán no 2007 e finalizarán no 2011, deixa claro que é totalmente razoable esixir os seguintes prazos para que o novo Hospital Único de Pontevedra sexa unha realidade:
 - De optarse por que o novo Hospital Único sexa o resultado da expansión do Hospital Montecelo, o inicio das obras debería ser o ano 2006 e a finalización total das obras sería o 2008.
 - De optarse por construír o novo Hospital Único nunha nova localización, igual que en Vigo, as obras deberían comezar no 2007 e finalizar no 2011.

2.- Resolver a precaria situación actual de algúns servizos ubicados no actual Hospital Provincial, e definir o novo papel deste hospital, debe ser unha prioridade.

- A construción das novas instalacións materno-infantís, integradas no resto das instalacións de atención de agudos do Hospital Único, debe ser abordada con

Coordinadora de Facultativos do CHOP.

carácter prioritario, de xeito que sexan as primeiras estruturas do novo Hospital Único en entrar en funcionamento.

- Toda actividade cirúrxica non ambulatoria debe concentrarse nas instalacións do novo Hospital Único.
- As edificacións do actual hospital Provincial deben seguir tendo un uso sanitario. Nel poderían ubicarse tanto servizos de Atención Especializada de carácter non agudo, como Cirurxía Maior Ambulatoria, Consultas Externas, ..., como de Atención Primaria ou Sociosanitaria.

3.- Incrementar as camas de agudos do CHOP é unha necesidade urxente, e o único xeito de rematar cos periódicos episodios de sobrecapacidade dos Servizos de Urxencias do Hospital Montecelo que, mais que a picos de frecuentación asociados a enfermidades estacionais na poboación, son provocados polo déficit estrutural de camas:

- As recentes obras de Servizo de Urxencias, absolutamente necesarias, non solucionan o problema estrutural do déficit de camas.
- O incremento de actividade do hospital, nomeadamente da actividade cirúrxica, p.ex. por peonadas, incrementase paralelamente a ocupación de camas do hospital e, ao non quedar camas libres, os pacientes pendentes de ingreso non poden ser trasladados aos andares de hospitalización e fican no Servizo de Urxencias ocupando boxes de exploración, camillas, e tempo de traballo dos distintos profesionais deste servizo, ... e provocando un incremento das esperas dos pacientes e unha redución do espazo no que poden ser atendidos.

4.- As relacións entre o CHOP e o Hospital do Salnés deben ser revisadas.

- Existe un notable malestar entre os facultativos do CHOP polo tipo de relacións funcionais que na actualidade existen co Hospital do Salnés.
- Cómpre revisar os mecanismos de relación entre as dúas institucións hospitalarias de xeito que se cree un marco de relacións baseado na cooperación e na equidade, así como na eficiencia na asignación dos recursos públicos.

5.- Outros problemas:

- A Unidade de Coronarias e o Hospital de Día, deben ser abertos de xeito inmediato.
- A non existencia no Hospital Provincial dunha auténtica UCI de adultos e pediátrica é unha anomalía funcional, e un risco para os pacientes, que debe ser solucionada con urxencia, sen que poda esperar á entrada en funcionamento do novo hospital único.
- A Cirurxía Maior Ambulatoria debe funcionar todo o ano e non só como peonada.
- A apertura da nova vía rápida do Morrazo fará que, para os habitantes de Cangas e Moaña, resulten máis accesibles as instalacións hospitalarias de Pontevedra que as de Vigo. Esta circunstancia debe facer que se estudie seriamente a posibilidade de que o CHOP sexa o hospital de referencia para a hospitalización de agudos dos habitantes deses concellos.

6.- O Equipo de Dirección que dirixa o CHOP, na nova etapa que se abre, debe ser non só eficaz e eficiente, senón tamén caracterizarse pola súa capacidade de diálogo constante con todos os profesionais do complexo e, nomeadamente, cos seus facultativos.

ooooooooOOOOOOoooooooo